

Keith Haring

NOME

DATA



Na **década dos 50**, xorde o Pop-art en Inglaterra e en Estados Unidos como contraposición ao Expresionismo Abstracto ao que consideraban elitista e elaborado.

O **Pop-art** utiliza **imaxes da vida cotiá** e caracterízase por ser figurativo e realista. As figuras teñen **carácter plano e inexpresivo**. Usan a repetición de formas esquemáticas e o **plano frontal**. Empregan imaxes e obxectos da cultura popular, tomados dos medios de comunicación de masas (anuncios publicitarios, revistas, cómics, cinema) ou da realidade cotiá. Utilizan a **colaxe** con cores brillantes, puros e sen matices. Os **materiais** son moi variados, desde a pintura acrílica aos plásticos, goma espuma, botellas...

Keith Haring (1958-1990) debuxou desde neno, influído polo seu pai e a cultura popular de Walt Disney.

Keith Haring non estaba interesado no tipo de arte formal que vía nos museos, pensaba que era demasiado aburrido.

Estaba máis interesado en debuxos animados, como os que creara **Disney**.

Estudou arte en Pensilvania e posteriormente en Nova York. Aquí é onde toma contacto coa arte alternativa da rúa e o metro.

Os artistas que influíron nas súas creacións artísticas foron Michel Basquiat, Jean Dubuffet, e sobre todo Andy Warhol.

Na **década dos 80** Keith contribúe ao nacemento dunha nova xeración pop en Nova York. Era famoso por un estilo de figuras atrevidas con cores brillantes.

E ti, atrévete co reto Pop Art?

KEITH HARING

Responde a estas preguntas

1.- Cando xorde o Pop-art?

(INDICA O SÉCULO
E A DÉCADA)

2.- Qué tipo de imaxes emprega o Pop-art?

**3.-Sinala que imaxes pertencen ao
movemento artístico Pop-art:**








Keith Haring

NOME _____

DATA _____



K. Haring ©



© www.artprojectideas.org

CiberCaixa Mallos

NOME _____

DATA _____

o o o o

o o

o o

o o

POP ART GRID CHALLENGE


• •

• •

• •

• • • •

Observa esta obra de arte de Andy Warhol. Debuxa unha cuadrícula e empregando os materiais que tes, tenta recrear a peza debuxando un cadrado á vez.





NOME

DATA

o o o o

o o

o o

o o

POP ART GRID CHALLENGE

• •

• •

• •

• • • •

Observa 1 obra de arte de Andy Warhol, Roy Lichtenstein ou Keith Haring. Debuxa nunha cuadrícula de 6x6 . Usando os materiais que tes, tenta recrear a peza na cuadrícula de abaixo debuxando un cadrado á vez.
